

ASISTENTES

Carmona Ramírez, Jessica Alejandra (EST.)
Garrido Suárez, Carlos (PDI-A)
Gómez Rodríguez, Alma María (PDI-A)
Isorna Folgar, Manuel (PDI-B)
Michinel Álvarez, Miguel Ángel (SECRET.)
Reigosa Roger, Manuel Joaquín (PRESID.)
Ríos Santomé, María José (PAS)

DESCULPA ASISTENCIA

Ferreiro Vázquez, Óscar (PDI-B)
Novas Míguez, Javier (PAS)

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 12 de febreiro de dous mil vinte un, convocada ás 09:15 h. en primeira convocatoria e ás 09:30 h. en segunda, na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo (Reitoría – Secretaría Xeral).

O día **12 de febreiro de 2021** ás 09:30 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 21 de xaneiro de 2021.
2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidatos/as.
3. Declarar concluído o proceso electoral naqueles departamentos nos que o número de candidaturas non supere o nº de postos a cubrir. (art. 27.12º do regulamento)
4. Acordo relativo á comunicación de instrucións aos presidentes das mesas sobre o escrutinio.
5. Delegar na Secretaría Xeral o nomeamento de interventores e interventoras.
6. Toma de postura sobre unha posible suspensión da data de emisión de voto, en función da situación epidemiolóxica.
7. Delegar na Secretaría Xeral as cuestións de trámite e as respostas as dúbidas que poidan xurdir ata a data de emisión de voto.
8. Delegar na Secretaría Xeral a proclamación provisional dos resultados.
9. Quenda de intervencións.

Acadado o quórum comeza a reunión ás 9:30 consonte á seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 21 de xaneiro de 2021.

Sen observacións, aprobase por asentimento a acta.

2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidatos/as.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen explica o seguinte:

As candidaturas provisionais axuntáronse coa documentación e foron expostas no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo, mandándose o aviso correspondente, así como nos taboleiros dos centros. Non se recibiron reclamacións ás 5 solicitudes excluídas, polo que procede elevar as candidaturas provisionais a definitivas, ordenando a súa publicación do mesmo xeito que o indicado no punto anterior. Lémbrese que a Comisión Electoral só actúa en relación coas candidaturas do alumnado, correspondendo as xuntas

electorais dos departamentos as actuacións sobre as candidaturas do PDI non permanente e do PAS.

Non habendo reclamacións, acórdase por asentimento elevar as candidaturas provisionais a definitivas, proclamando ás persoas candidatas que figuran nas mesmas.

3. Declarar concluído o proceso electoral naqueles departamentos nos que o número de candidaturas non supere o nº de postos a cubrir (art. 27.12º do regulamento).

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen informa do contido do artigo 27.12º REX: “se o número de candidaturas nalgún sector non supera o número de postos que se deben cubrir, a comisión electoral ou a xunta electoral, segundo proceda, poderá declarar concluído o proceso electoral nese sector”.

Os departamentos nos que NON conclúe o proceso son os seguintes:

- T01: Deseño na Enxeñaría (1º/2º ciclo: 3 candidaturas para 2 prazas).
- H12: Tradución e Lingüística (3º ciclo: 5 candidaturas para 2 prazas).
- X13: Dereito Público Especial (1º/2º ciclo: 7 candidaturas para 2 prazas).

Proponse concluír o proceso electoral nos demais departamentos, agás no que se refire á proclamación de candidatos, dado que o artigo emprega a expresión “poderá” declarar concluído o proceso, o que permite establecer ata que punto o declara concluído.

Declárase por asentimento concluír o proceso electoral nos departamentos nos que non hai que facer eleccións, agás no relativo á proclamación de persoas candidatas.

4. Acordo relativo á comunicación de instrucións aos presidentes das mesas sobre o escrutinio.

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen sinala que o acordo anterior da Comisión Electoral, do ano 2011, quedou tacitamente derogado pola entrada en vigor dos Estatutos, así como polo Regulamento Electoral Xeral (REX), que agora xa contempla estas instrucións no seu artigo 54.3º e 4º, así como nas táboas correspondentes que figuran no anexo e que se propoñe comunicar aos/ás presidentes/as das mesas sobre o escrutinio.

Art. 54.3º: “Cada elector/a só poderá dar o seu voto como máximo a un número de candidatos/as equivalente ao 70 % ou porcentaxe máis próxima ao número correspondente a cada sector ou circunscrición electoral, de acordo coa táboa 1 do anexo, onde A é o número de representantes elixible por cada sector e circunscrición electoral, e B o número máximo de candidatos e candidatas aos que poderá dar o seu voto cada

votante. 4º: Para promover a paridade entre xéneros nos órganos colexiados, cada elector/a poderá votar como máximo o 60 % das candidaturas dun dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos/as máximo previsto no apartado anterior, de acordo coa táboa 2 do anexo, onde A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, B o número máximo de candidaturas ás que poderá dar o seu voto cada votante C o número máximo que se pode votar para un dos xéneros”.

Apróbase por asentimento, coas modificacións incluídas no cadro exposto.

5. Delegar na Secretaría Xeral o nomeamento de interventores e interventoras.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral quen sinala que na orde do día figura delegar diversas cuestións na Secretaría Xeral, nos seguintes puntos, como ven sendo habitual neste tipo de eleccións, polo que propoñe tratalas todas seguidas. María José Ríos pide que se informe en todo caso aos membros da comisión das decisións que se adopten.

En primeiro lugar, delegar na Secretaría Xeral o nomeamento de interventores e interventoras.

Apróbase por asentimento delegar na Secretaría Xeral.

7. Delegar na Secretaría Xeral as cuestións de trámite e as respostas as dúbidas que poidan xurdir ata a data de emisión de voto.

Apróbase por asentimento delegar na Secretaría Xeral.

8. Delegar na Secretaría Xeral a proclamación provisional dos resultados.

Apróbase por asentimento delegar na Secretaría Xeral.

6. Toma de postura sobre unha posible suspensión da data de emisión de voto, en función da situación epidemiolóxica.

Á causa da situación epidemiolóxica, propónse que as eleccións sexan adiadas se no día 22 de febreiro aínda non se permitiu a docencia presencial na Universidade de Vigo pola Xunta de Galicia, ata o día seguinte en que tal docencia sexa posible. En caso contrario, de cesar as restricións, permitiríase a votación na data fixada (23 de febreiro). A Secretaría Xeral executará estas instrucións. O reitor informa de diversas reunións coa Xunta, pero sinala que non se saberá nada ata o luns 15. María José Ríos pide que a decisión se informe

co debido tempo. O secretario xeral indica que non haberá problema, dado que só hai que facer eleccións en tres departamentos.

9. Quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:45 h do día 12 de febreiro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral